

Acordo do 1 de xuño de 2022, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para a provisión de dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, convocado por un acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 15 de xuño de 2021, en relación con determinado material de referencia para a realización e posterior corrección do terceiro exercicio

O tribunal reuniuse o 1 de xuño de 2022 para, entre outras cuestións, analizar a petición realizada por unha opositora en relación coa publicidade das Directrices sobre a aplicación das novas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego pola Administración do Parlamento de Galicia, elaboradas polo Servizo de Publicacións e autorizadas pola Mesa do Parlamento de Galicia o día 2 de marzo de 2004.

Alén desta cuestión, o tribunal deliberou sobre a aplicación de criterios de corrección nas dúas partes de que consta o terceiro exercicio e, por unanimidade, acordou:

1º. Darlle publicidade, no ámbito das resolucións e acordos inherentes ao proceso selectivo, ás Directrices sobre a aplicación das novas normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego pola Administración do Parlamento de Galicia.

2º. Lembrar ás persoas aspirantes que as devanditas directrices son un documento aprobado no seu día para o ámbito interno da Administración parlamentaria que determinan a forma de preferencia para os textos emanados da Administración parlamentaria naqueles casos en que as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego dan como correctas dúas ou máis opcións (-ble/-bel; -ería/-aría; ao/ó...), ademais de repasar os principais cambios introducidos pola modificación das Normas do ano 2003.

Agora ben, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo, o tribunal dará por válidas calquera das formas admitidas polas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego que as persoas aspirantes decidan empregar, mesmo que non coincidan coas formas preferentes indicadas nas devanditas directrices.

3º. Como complemento aos criterios de cualificación establecidos no punto 6.1.3 das bases da convocatoria, o tribunal, tamén por unanimidade, acordou:

Respecto da primeira parte do terceiro exercicio, o tribunal baseará os seus criterios de cualificación, de forma conxunta:

— No que estipulan as bases da convocatoria, isto é dicir: «a) a corrección do texto resultante en lingua galega nos aspectos ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e semántico; b) a precisión no emprego da terminoloxía xurídica e técnica contida no texto resultante; c) a economía, a claridade, a exactitude e a coherencia do texto resultante en canto que texto normativo; d) a corrección do texto resultante en lingua castelá nos aspectos ortográfico, morfolóxico, sintáctico, léxico e semántico; e) a equivalencia exacta do texto nos dous idiomas en canto ao seu sentido e á súa interpretación técnico-xurídica.»

— Na correcta aplicación, no que proceda, das Directrices de técnica normativa.

— No que estipula o *Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais*, por ser coincidente cos criterios de corrección aplicados polo Parlamento de Galicia na revisión dos proxectos normativos.

Respecto da segunda parte do terceiro exercicio, o tribunal acorda publicar, nun documento adxunto, os criterios que se veñen aplicando desde hai anos na corrección do *Diario de Sesións*.

Por tanto, respecto da segunda parte do exercicio, o tribunal aplicará como criterios de cualificación, de forma conxunta:

— O estipulado nas bases da convocatoria, isto é: «a) o axuste do texto escrito resultante á realidade do discurso oral correspondente; b) a pertinencia das correccións feitas, de acordo coas instrucións dadas aos aspirantes»

— As pautas de corrección do *Diario de Sesións* que se conteñen no documento que agora se publica como adxunto a este acordo.

Cómpre lembrar que as persoas aspirantes poderán empregar estes materiais, ademais dos dispoñibles en rede que desexen, durante o desenvolvemento dos dous exercicios.

Santiago de Compostela

A presidenta do Tribunal